



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR EN COMERCIO INTERNACIONAL”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Comercio Internacional”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O Estatuto de Autonomía de Galicia determina no seu artigo 31 que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolvan.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu capítulo V do título I os principios xerais da formación profesional inicial e dispón que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, establece no seu artigo 9 a estrutura dos títulos de formación profesional, tomando como base o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.



No seu artigo 8, dedicado á definición do currículo polas administracións educativas, determina que estas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, ten por obxecto, entre outros, o establecemento das directrices que deben cumprir os currículos dos diferentes ciclos formativos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e establece no seu artigo 7 que a consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo de cada ciclo formativo consonte ao tecido produtivo de Galicia.

2. Acerto e oportunidade

Publicado o Real decreto 1574/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en Comercio Internacional e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico superior en Comercio Internacional. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.



3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Vicesecretaría Xeral o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, (artigo 41.2. apartados a), b), d), da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha memoria económico-financeira.
- Unha táboa de vixencias.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Vicesecretaría Xeral, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez vistas e analizadas as alegacións formuladas a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, emite a correspondente



memoria do 30 de outubro de 2013, onde se xustifica a aceptación ou rexeitamento das mesmas e se procede en tal sentido a adaptar o texto do proxecto.

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, con data 17 de febreiro de 2012, informes á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Secretaría Xeral de Igualdade, posteriormente elevouse así mesmo ao Consello Escolar de Galicia e ao Consello Galego de Formación Profesional, e con data 16 de febreiro de 2016 solicitouse o informe da Asesoría Xurídica.

O 21 de febreiro de 2012 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o seu informe favorable ao proxecto de decreto. O 29 de febreiro de 2012 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o informe de impacto de xénero sobre o proxecto de decreto, que estableceu unha serie de precisións sobre a integración da perspectiva de xénero e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

Pola súa parte, o Pleno do Consello Escolar de Galicia emitiu o seu ditame sobre o proxecto de decreto na súa sesión do 27 de marzo de 2012, e o Consello Galego de Formación Profesional informou favorablemente o proxecto de decreto na súa comisión permanente o 21 de marzo de 2012.

O 30 de outubro de 2013, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu un informe en relación coas alegacións e observacións formuladas nos informes e ditames sobre o proxecto de decreto emitidos polo Consello Escolar de Galicia, o Consello Galego de Formación Profesional, a Secretaría Xeral de Igualdade, e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tomando en consideración algunhas das suxestións propostas e xustificando motivadamente a non toma en consideración dalgunha delas.

Como xa se indicou, o proxecto de decreto remitiuse o 16 de febreiro de 2016 á Asesoría Xurídica, que emitiu o seu informe o 19 de febreiro de 2016, no que fai unha serie de precisións gramaticais, ademais dunha mención á estrutura dos currículos dos



ciclos formativos de conformidade co artigo 8 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, así como respecto á técnica consistente en reprodución en normas autonómicas de normas estatais, que, conforme a doutrina do Tribunal Constitucional é admisible sempre que sirva a unha mellor intellexibilidade da norma, aspecto que segundo a Asesoría Xurídica queda xustificado na memoria xustificativa do proxecto de decreto.

O 11 de marzo de 2016 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu un informe en relación coas alegacións derivadas do informe da Asesoría Xurídica. Ademais de adaptar o texto ás precisións gramaticais sinaladas, xustifícase neste informe que na actualidade hai mais de 111 decretos de currículos de ciclos formativos e na medida do posible, sempre que non supoña un desencaixe co ordenamento xurídico, a Dirección Xeral entende que se debe manter a mesma estrutura e redacción que nos anteriores decretos, para harmonizar o estilo e facilitar a comprensión do texto normativo pola cidadanía.

Xustifica así mesmo este informe do 11 de marzo de 2016 a referencia ao curso 2015/2016 para a implantación deste currículo, baseándose no Ditame do Consello Consultivo do Principado de Asturias número 233/2012, que indicaba en relación cun currículo dun ciclo formativo que, se ben supón dotar de eficacia retroactiva á norma, do contrario se vería clara e inxustificadamente prexudicado o alumnado que veu cursando o primeiro curso destas ensinanzas, polo que a eficacia retroactiva que se propón impide eventuais prexuízos, polo que non resulta contraria ao artigo 9.3 da Constitución.

Reitera finalmente o dito informe do 11 de marzo de 2016 que a técnica consistente en reprodución en normas autonómicas de normas estatais responde á necesidade de alcanzar un texto normativo no que as normas legais de competencia autonómica queden perfectamente integradas coas de competencia estatal, para permitir aos destinatarios da norma unha visión de conxunto que non lles obrigue a empregar distintos textos para coñecer a regulación aplicable.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

4. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade e se axusta á legalidade vixente, polo que se **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2016

O secretario xeral técnico



Jesus Oitavén Barcala